

NOTA DE PRENSA

Un estudante da Coruña, outro de Cangas e un de Santiago gañan a Olimpíada Galega de Bioloxía

Representarán a Galicia na Olimpíada Nacional, que se celebrará en Granada no mes de abril

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2011 (Vía Láctea Comunicación).- Ao longo da xornada de hoxe celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago a sexta edición da Olimpíada Galega de Bioloxía. No certame participaron 106 estudantes de segundo de bacharelato de toda Galicia. Resultaron vencedores un estudante da Coruña, un de Cangas e outro de Santiago. Na organización do evento colaboraron a Xunta de Galicia, as tres universidades galegas e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-.

Os gañadores foron **Jorge Gómez Corral**, do Colexio Marista Cristo Rey da Coruña; **Javier Martínez Fernández**, do IES Rodeira de Cangas; e **Carmela Vázquez Calvo**, do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago. Cada unha das tres universidades galegas concederá unha axuda de 300 euros por matricularse en calquera das súas facultades.

Os tres finalistas galegos acudirán á **fase nacional**, que se celebrará en **abril en Granada**. O propósito das probas nacionais é seleccionar a catro estudantes para participar na **Olimpíada Internacional de Bioloxía (IBO)**, que este ano terá lugar na **cidade chinesa de Taipei en xullo**. Pola súa parte, os catro finalistas seguintes participarán na Olimpíada Iberoamericana.

O conselleiro de Educación, **Xesús Vázquez Abad**, presidiu a entrega de premios. No acto de clausura tamén estiveron as decanas das Facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo, o decano da Facultade de Ciencias da Coruña; a decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, **Mercedes Casal Jiménez**; ademais do coordinador da Olimpíada Galega de Bioloxía, **Pedro Nozal Cantarero**, entre outras autoridades.

Os rapaces, ademais de participar nas probas, tiveron a oportunidade de facer un percorrido polos laboratorios e a nova biblioteca da Facultade de Bioloxía de Santiago. E asistiron a unha conferencia sobre “Biodiversidade e Extinción”, que impartiu o profesor de Zooloxía da USC **Marcos González**.

Os estudantes procedían de 33 centros da comunidade galega. Un total de 54 eran da provincia da Coruña, 37 de Pontevedra, 8 de Lugo e 7 de Ourense.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es